



Avisos.

***Unidade móbil do Centro de Transfusión de Galicia:** Estará en Boimorto o día 5 de febreiro diante do Centro de Saúde, en horario de 10h. a 14h. e 16h. a 21h. **Comparte Vidal!**

Cultura.

***Curso básico de iniciación á informática e á internet para adultos,** para formar grupo deberá haber mínimo 6 participantes, será durante os meses de febreiro, marzo e abril, todos os martes ás 8 da tarde na aula de informática (detrás de ABANCA). Todos/as os/as interesados/as acudir o primeiro día de clase, o 10 de febreiro.

*** ENTROIDO en Boimorto:** O sábado de Entroido, día 14 de febreiro celebrárase no polideportivo municipal unha festa de disfraces, haberá música, chocolatada e actividades infantís dende as 17:30 ás 20:30. Tanto os nenos/as como os adultos animádevos a vir disfrazados!!!

Centro de Maires.

COCIDO DE ENTROIDO NO CENTRO DE MAIORES: O venres 13 de febreiro celebraremos no Centro de Maires de Boimorto un bo cocido para festexar o Entroido.

Poden anotarse os que lles apeteza vir e pasar con nós un día de festa e celebración. Iso si, deberá haber un mínimo de 50 anotados. O xantar será ás 2 do mediodía no mesmo centro e deberedes anotarvos antes do 9 de febreiro no Centro Social, pagando no momento de anotarse **12€** por persoa. Haberá servizo de transporte para recollervos á hora de sempre e regresarase ó acabar a comida.

Organiza a Asociación do Centro Social de Maires de Boimorto.

Deportes.


* RESULTADOS 1ª XORNADA INTERMUNICIPAL DE BÁDMINTON

A xornada celebrouse o día 17 de xaneiro no pavillón de Trazo. O concello de Boimorto estivo representado nas categorías benxamín masculino (Ismael Regueiro), benxamín feminino (Noa Chorén e Mara Costoya) e alevín feminino (Sabela Lois, Silvia García e Lúa Costoya). A competición consiste en partidos entre todos os participantes da categoría, establecéndose a clasificación en función do número de partidos gañados.

- | | |
|---|---------------------------------------|
| • Ismael Regueiro primeiro con 6 puntos | • Sabela Lois primeira con 9 puntos |
| • Noa Chorén segunda con 7 puntos | • Silvia García terceira con 7 puntos |
| • Mara Costoya cuarta con 5 puntos | • Lúa Costoya sexta con 4 puntos |

Aproveitamos a ocasión para felicitar ós participantes e informar que haberá 3 xornadas, celebrándose a segunda o día 7 de febreiro no pavillón de O Pino e a terceira o día 28 en Boimorto. Ao peche destas tres xornadas os que teñan máis puntuación pasarán á xornada final.

PROGRAMA CLARA.



Este 14 de xaneiro comezaron os "Obradoiros de Motivación e Desenvolvemento persoal" do programa Clara cofinanciado polo Instituto da Muller, e dirixido a mulleres que desexen mellorar o seu acceso ao emprego; e que rematarán o vindeiro mes de abril. Estes obradoiros corresponden á primeira fase do programa, que contará tamén con outras actividades como un Módulo de Ferramentas para a busca de emprego e un curso de formación ocupacional.

Neste programa participan ata 30 mulleres, nas que mais da metade son veciñas do concello, debido ó éxito de participación fixéronse dous grupos, distribuíndose en quendas de mañá/tarde. Os obradoiros da quenda de tarde comezaron este mércores 28 de xaneiro. As mulleres participantes beneficiaríanse ademais dun seguimento e itinerario personalizado para o acceso ao mercado laboral, así como doutras actividades que se realicen de forma paralela ao programa.

Dentro destas actividades paralelas, atópase a organización de clases de reforzo para a preparación do exame de Competencias clave da Consellería de Traballo, e que se están a realizar os luns en horario de tarde. Por medio do Programa Clara, preténdese dinamizar ás mulleres do concello, dándolles ferramentas que lles sexan útiles tanto a nivel persoal como a nivel laboral, así como explorar os distintos ocos de emprego do concello e da comarca.

MAGRECO 2015.

O Concello de Boimorto contará de novo coa feira de maquinaria agrícola, artesanía e produtos ecolóxicos, **MAGRECO 2015, os días 28 e 29 de marzo.**

Esta feira estase a consolidar como unha das máis importantes do interior da comunidade e cada ano imos mellorándoa e incorporando cousas novas. Contaremos de novo coa **poxa de xovencas** pero imos **facer dúas** ante o éxito do ano pasado, **unha o sábado e outra o domingo.**

Ademais participarán as mellores casas comerciais, no que a maquinaria se refire, artesanía, produtos ecolóxicos, alimentación, apartado para os pequenos, pulpo...e moitas máis cousas que vos iremos descubrindo. Convidámosvos a que sexades partícipes desta feira.

SERVIZO DE EMPREGO.

*** ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS ADQUIRIDAS A TRAVÉS DA EXPERIENCIA LABORAL**

Dirixido a aquelas persoas que teñen experiencia laboral (mínimo 3 anos) e/ou formación (mínimo 200/300 horas) relacionada coas competencias profesionais que se queiran acreditar.

Relación das familias profesionais: Administración e xestión, agraria, artes gráficas, edificación e obra Civil, electricidade e electrónica, fabricación mecánica, hostalería e turismo, imaxe persoal, industrias alimentarias, informática e comunicacións, instalación e mantemento, madeira, moble e cortiza, química, sanidade, servizos socioculturais e a comunidade, transporte e mantemento de vehículos

Prazo presentación de solicitudes: do 8 de xaneiro ao 6 de febreiro de 2015, ambos os dous incluídos. Publicado no DOG nº1, de data 2 de Xaneiro do 2015.

* **REDE XIANA:** Prevese que comece o curso de **Actividades auxiliares en Agricultura** na primeira quincena de febreiro. Este curso é válido para a obtención do Certificado de profesionalidade nivel I.

OFERTAS DE EMPREGO

- **Monitora Curso Labores/Manualidades Ganchillo e calceta (Arzúa).** Enviar o currículo a rrhh@lucaser.es. Máis información: 981886228.
- **Monitora Curso Musicoterapia ou actividades relacionadas coa música (Arzúa).** Enviar o currículo a rrhh@lucaser.es. Máis información: 981886228.
- **Camareira (Curtis).** Precísase camareira para bar. Interesados poñerse en contacto a través do correo electrónico feruelte@feruelte.com
- **Camareira (Betanzos).** Precísase camareira para pub en Betanzos os fins de semana. Contactar chamando ó 630936754.
- **Logopeda ou Psicólogo (Betanzos).** Búscase logopeda ou psicólogo con coñecementos de inglés. Enviar currículo e empleoeducacion@yahoo.es.
- **Camareira (Mesía).** Precísase camareira para bar con experiencia e boa presenza (menor de 30 anos). Contactar a través de milanuncios.com
- **Camareira (Curtis).** Asador en Curtis selecciona camareira, imprescindible experiencia en comedor, don de xentes, organizada e responsable. Maior de 25 anos. Horario: de 13.00 ás 22.00 horas. Chamar polas noites ó 676713752.
- **Repartidor (Betanzos).** "Pizza Móvil" precisa repartidor. Levar o currículo a "Pizza Móvil".

Dende o servizo de Orientación Laboral do Concello de Boimorto realízase cada 15 días un "Boletín de emprego e formación", que se publica na web no Concello e no taboleiro de anuncios.